

IDEAS POR ESTANCIAS



Estas son as miñas ideas para o día 4 na casa, este vai ser un día xenial!!

COCIÑA



Idea 4: Facemos e xogamos con plastilina caseira.

Xogar con plastilina é sempre unha actividade divertida pero preparar unha plastilina propia pode selo aínda máis. A receita é moi sinxela. Só temos que mesturar 3 tazas de fariña, unha taza de sal fina e unha taza de auga con 3 ou 4 culleres de aceite. Podemos engadir unhas gotas de colorante alimentario. Con esta plastilina podemos xogar a facer formas, escribir palabras, crear figuras humanas, etc...

BAÑO



Idea 4: Xogamos a pescar!

Podemos crear un sinxelo xogo de pesca empregando envases baleiros de yogur ou natillas aos que engadiremos un pequeno gancho feito con arame ou con un clip. Estes envases poden adornarse con ollíños, debuxando con rotulador permanente, etc. Crearemos unha cana de pescar cun pau e empregando outro clip con anzol.



HABITACIÓN DOS MAIORES



Idea 4: Creamos unha cabana.

Contruimos unha cabana empregando roupa de cama. Podemos facer uso de cordas que se colocarán entre armarios e caixóns para despois botar por riba as sábanas. Podemos empregar a construción para contar contos, xogar con lanternas, etc. crearemos un ambiente diferente para facer unha actividade especial. Para recoller, solicitaremos axuda á/ao peque que pode colaborar dobrando.

HABITACIÓN DOS PEQUES



Idea 4: Facemos simetrías.


Nesta actividade podemos empregar fotografías da familia ou recortadas de revistas. Cortaremos pola metade e solicitaremos que debuxen a parte que falta para completalas. O adulto pode facer a súa creación e logo comparar os resultados obtidos ou empregar diferentes técnicas.

SALÓN



Idea 4: Creamos unha pista de bolas.

Empregaremos unha caixa de cartón para aproveitar unha parte ampla da mesma como fondo. Cortaremos tiras que iremos colocando con cinta ou con silicona dando forma ao circuito que queremos construír. No noso caso, foi preciso dobrar un pouco as bandas polas que se deslizan as bolas para evitar que se precipitasen sen seguir o percorrido.



CORREDORES



Idea 4: O xogo da arañeira.

Empregaremos lá para ir pasandoa dun lado ao outro do corredor e crear un efecto de tea de araña. O xogo consiste en pasar dun lado ao outro sen tocar nos fios colándose polos buratos que se formaron. No caso de que teñamos algún axóuxere (en diademas ou adornos de nadal, por exemplo), poderíamos colocalo na lá para darlle maior emoción ao xogo evitando facer sonar o mesmo.